

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE AGOSTO DE 2019**



ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES.....	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA.....	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA.....	11
5.1.	Temperatura media das máximas.....	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2019.....	17
6	PRECIPITACIÓN	18
6.1.	Precipitación acumulada mensual agosto 2019	18
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.	19
6.3.	Días de chuvia en agosto de 2019.....	20
6.4.	Evolución da precipitación en agosto de 2019	22
7	VENTO.....	23
8	RADIACIÓN SOLAR.....	27
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	27
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	28
9	RAIOS.....	29

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 29/01/2020



Mes normal en chuvia con temperaturas moi variables.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de agosto continuou moi marcado pola variabilidade nas situacións meteorolóxicas. Destacan as borrascas da segunda semana pola súa profundidade e actividade, impropias desta época do ano. As chuvias desa semana, xunto con outra fronte activa que chegaba nas primeiras horas do 18 acumulou cantidades normais de precipitación para un mes de agosto. En canto ás temperaturas, os baixos valores desa semana quedaron compensados coas masas de aire cálido da segunda quincena, aínda que as anomalías foron de diferente signo en función das comarcas.

Así, o mes comezaba cunha situación claramente anticiclónica nos primeiros 5 días, con situacións de ceo aberto, temperaturas superando os 30°C no interior e os 25° en moitas zonas do litoral.

Sen embargo o día 6 unha baixa localizábase sobre Irlanda, collendo a Galicia no seu radio de acción, deixando un aumento das nubes, unha baixada de temperatura e chuvias febles na segunda metade do día. Esta baixa tamén afectou a Galicia ao longo do día 7.

A xornada do 8 é das máis destacadas do mes, xa que na estela da borrasca anterior formouse outra, con desenvolvemento rápido e que pasou máis preto de Galicia, polo que a xornada foi de chuvia xeneralizada en toda a Comunidade, por momentos forte e acompañada por ventos intensos.

A inestabilidade continuou tamén o 9, aínda que as chuvias e o vento tiveron menor entidade.

Os restos desa borrasca seguiron afectando a Galicia aínda nas xornadas do 10, 11 e 12, con escasas chuvias, pero aínda moitas nubes e temperaturas por debaixo do normal a mediados de agosto.

O período entre o 13 e o 16 estivo caracterizado polas altas presións e polo tanto pola estabilidade. Os ceos estiveron moi abertos e as temperaturas foron as normais para a época do ano ou mesmo altas en puntos da metade sur.



Este período anticiclónico quedou truncado o día 17 polo achegamento dunha borrasca que deixou aumento das nubes e sensación de bochorno ao longo desa xornada.

Unha fronte asociada a esa borrasca chegaba na madrugada do 18, deixando un episodio de chuvia curto, pero intenso e xeneralizado. Ese mesmo día a situación foise estabilizando con rapidez e na tarde do 18 producíase unha nova entrada anticiclónica.

Estas altas presións prevaleceron nos seguintes días, reforzándose e movéndose cara ao norte, polo que entre o 21 e o 23 gozamos do período máis cálido de todo o mes, con máximas que superaban os 35°C en puntos do interior.

Nos días 24 e 25 a entrada de aire algo máis fresco desde o Atlántico ocasionaba un descenso de temperatura e un aumento das nubes no litoral, con fenómenos tormentosos no interior, particularmente na xornada do 25, cando se rexistraban máis de 1300 raios.

O día 26 vivimos un episodio de aire frío en altura, que novamente deixou algunhas tormentas no interior, aínda que de menor entidade que as da xornada anterior.

A partir do 27 as altas presións entraron novamente en cuña desde o norte dos Azores, aportando estabilidade e deixando xornadas moi semellantes, con nubes baixas, néboas no interior e brétemas costeiras no litoral atlántico polas mañás, e ceos máis abertos polas tardes, aínda que nalgunha destas xornadas as néboas costeiras das Rías Baixas persistiron tamén durante as tardes por mor da ausencia de vento.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (Figura 1) como en altura (Figura 2) preséntase unha anomalía negativa bastante forte situada ao Oeste de Irlanda, así como una anomalía positiva algo menos intensa sobre Centro Europa. Isto contribúe a que Galicia non se vexa sometida a unha influencia clara de ningún centro de presións, o que ocasionou que o mes alternase xornadas estables con outras de borrascas profundas.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Agosto-2019.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Agosto-2019.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de Meteogalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de Meteogalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

**A CORUÑA**

	AGOSTO 2019 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.3/20.3	19.6	21.5 (2003)	17.0 (1983)
Tª mínima media	17.2/17.3	16.4	18.1 (2003)	14.0 (1951)
Tª mínima absoluta	13.2/13.8 (día 13)	9.4 (17/08/1953)		
Tª mínima máis alta	21.1/20.5 (día 17)	22.8 (20/08/1993)		
Tª máxima media	23.4/23.3	22.7	25.0 (2003)	19.6 (1963)
Tª máxima absoluta	30.9/30.3 (día 23)	39.6 (28/08/1961)		
Tª máxima máis baixa	20.5/20.3 (día 19)	16.0 (30/08/1956)		
Precipitación acumulada	29	21-36	158 (1946)	0 (1940)
Días de chuvia (≥1mm)	5	6	15 (1996)	0 (1940)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas mínimas e medias. Sen embargo, segundo as temperaturas máximas o mes resultou cálido.

A precipitación acumulada está dentro do rango de valores normais, aínda que o número de días de chuvia foi lixeiramente inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2019 Temperatura: 1948-2019

SANTIAGO

	AGOSTO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	19.6	19.9	23.2 (2003)	17.1 (1986)
Tª mínima media	14.4	14.6	17.4 (2003)	12.4 (1986)
Tª mínima absoluta	9.5 (día 12)	7.3 (29/08/1986)		
Tª mínima máis alta	18.3 (día 17)	23.9 (20/08/1986)		
Tª máxima media	24.8	25.2	28.9 (2003)	21.7 (1986)
Tª máxima absoluta	32.7 (día 22)	39.7 (12/08/2003)		
Tª máxima máis baixa	18.9 (día 11)	16.7 (30/08/1992)		
Precipitación acumulada	93	38-52	210 (2004)	1 (1998)
Días de chuvia (≥1mm)	5	5	15 (2004)	1 (1998)

Comentario: Mes normal en xeral tendo en conta os valores medios mensuais de cada unha das temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido, que sen embargo, acadou o valor climático agardado para o número de días de chuvia.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2019. Temperatura: 1982-2019



LUGO

	AGOSTO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.0	19.1	22.0 (2003)	16.8 (1982)
Tª mínima media	13.3	12.8	14.8 (2003)	10.6 (2000)
Tª mínima absoluta	7.1 (día 13)	3.5 (26/08/1985)		
Tª mínima máis alta	18.5 (día 8)	20.2 (28/08/2015)		
Tª máxima media	26.8	25.4	29.2 (2003)	21.4 (1983)
Tª máxima absoluta	35.5 (día 23)	40.5 (04/08/1990)		
Tª máxima máis baixa	20.3 (día 11)	14.0 (06/08/1982)		
Precipitación acumulada	19	22-35	91 (1992)	0 (1988)
Días de chuvia (≥1mm)	6	4	10 (1992)	0 (1988)

Comentario: Mes cálido para as temperaturas mínimas e medias, mentres que para as máximas o mes resultou moi cálido.

Aínda que o número de días de chuvia superou ao valor climático agardado, a precipitación acumulada foi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes seco.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2019. Temperatura: 1981-2019

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	AGOSTO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	20.3	20.5	22.7 (2003)	17.0 (1963)
Tª mínima media	15.3	14.7	17.6 (2003)	11.2 (1963)
Tª mínima absoluta	10.8 (día 12)	3.4 (08/08/1971)		
Tª mínima máis alta	18.6 (día 9)	22.5 (03/08/2003)		
Tª máxima media	25.3	26.3	29.3 (2003)	22.7 (1977)
Tª máxima absoluta	31.5 (día 21)	38.3 (12/08/2003)		
Tª máxima máis baixa	21.3 (día 7)	17.0 (29/08/1963)		
Precipitación acumulada	49	29-59	139 (2004)	0 (1981)
Días de chuvia (≥1mm)	3	5	12 (2004)	0 (1981)

Comentario: O mes foi normal tendo en conta a temperatura media, debido á compensación das temperaturas mínimas medias (mes cálido) cas temperaturas máximas medias (mes frío).

A precipitación rexistrada está dentro do rango de valores normais para esta variable, aínda que o número de días de chuvia, foi sensiblemente inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2019. Temperatura: 1958-2019



OURENSE

	AGOSTO 2019	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	22.8	22.6	25.5 (2003)	19.2 (1977)
Tª mínima media	14.9	14.8	17.3 (2003)	11.5 (1985)
Tª mínima absoluta	9.3 (día 13)	5.6 (26/08/1985)		
Tª mínima máis alta	19.8 (día 8)	23.2 (22/08/1985)		
Tª máxima media	30.7	30.6	34.0 (1998)	24.9 (1977)
Tª máxima absoluta	38.0 (día 23)	42.5 (03/08/2018)		
Tª máxima máis baixa	22.3 (día 7)	18.0 (30/08/1974)		
Precipitación acumulada	23	16-23	88 (1976)	0 (1978)
Días de chuvia (≥1mm)	4	4	8 (1983)	0 (2009)

Comentario: Mes normal en todas as variables meteorolóxicas que se mostran na táboa (temperatura e chuvia).

Esta normalidade contrasta co ano pasado nesta localidade, no que as máximas foron en xeral moi elevadas, acadándose o rexistro histórico de temperatura máxima no 2018.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2019. Temperatura: 1972-2019

5 TEMPERATURA

As temperaturas non se despegaron moito das normais a nivel de toda Galicia, aínda que se aprecia unha tendencia a que fosen algo máis baixas en puntos do oeste, onde a semana de borrascas entre o 6 e o 10 deixaba temperaturas baixas e nos días de máis calor da segunda quincena houbo episodios de néboa que non permitiron o ascenso das temperaturas.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de agosto de 2019.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de agosto para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 24.8 °C. Os valores máis altos rexistráronse principalmente no Miño ourensá, a comarca de Verín e as comarcas de O Condado en Pontevedra, e Valdeorras en Ourense, con temperaturas que superaron os 31 °C. Por outra banda, os



valores máis baixos déronse principalmente, no oeste da provincia de A Coruña e as zonas máis altas da Comunidade, onde rexistráronse valores próximos aos 16 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de agosto, a partir dos valores do mapa para o territorio galego foi de 13.2 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na comarca de Verín e na alta montaña ourensá, aproximándose aos 8 °C. Os valores máis altos estiveron localizados en practicamente todo o litoral galego, con temperaturas medias que apenas acadaron os 17 °C. Destaca sen embargo, o concello de A Coruña, que mesmo superou os 18 °C de media.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de agosto de 2019.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía de temperatura no conxunto de Galicia, foi de tan só $+0.32\text{ }^{\circ}\text{C}$, resultando un mes normal. Pero tal e como se aprecia na Figura 3, apréciase un gran contraste no territorio. Así, foi moi frío nalgunhas zonas do litoral atlántico e mesmo en moitas localidades da provincia de Ourense, con anomalías negativas de ata $-0.97\text{ }^{\circ}\text{C}$. A provincia de Lugo e o terzo norte da Comunidade, as anomalías foron sen embargo positivas, acadando valores de ata $+1.7\text{ }^{\circ}\text{C}$. A compensación das temperaturas medias nas distintas rexións galegas xerou a normalidade no conxunto de Galicia.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de agosto de 2019 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse maioritariamente na provincia de Lugo, pese a iso non acadaron valores demasiado elevados. As máis baixas (Táboa 2) tiveron lugar en zonas costeiras das provincias de A Coruña e Pontevedra.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Triacastela	Lugo	1.6
Láncara	Lugo	1.4
Negueira de Muñiz	Lugo	1.3
Cariño	A Coruña	1.3
Sarria	Lugo	1.3
Baralla	Lugo	1.3
Samos	Lugo	1.2
Gondomar	Pontevedra	1.2
Cedeira	A Coruña	1.2
Nogais (As)	Lugo	1.2

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de agosto de 2019.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Carnota	A Coruña	-0.7
Cangas	Pontevedra	-0.7
Fisterra	A Coruña	-0.6
Muros	A Coruña	-0.6
Ribeira	A Coruña	-0.6
Corcubión	A Coruña	-0.6
Padrón	A Coruña	-0.5
Coristanco	A Coruña	-0.5
Grove (O)	Pontevedra	-0.5
Pontecesures	Pontevedra	-0.5

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de agosto de 2019.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de agosto de 2019 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. Destaca o día 23 con valores moi altos de temperatura, tanto por debaixo como por enriba dos 1000 m. Ademais tamén foi importante o día 22 en rexións situadas por debaixo dos 1000 m de altitude.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
23/08/2019	Míllara	PANTÓN	Lugo	38.5
23/08/2019	EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	38.5
22/08/2019	Remuíño	A ARNOIA	Ourense	38.3
23/08/2019	Ourense	OURENSE	Ourense	38.1
22/08/2019	Ribadavia	RIBADAVIA	Ourense	37.8
23/08/2019	Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	37.4
23/08/2019	San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	37.3
22/08/2019	Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	37.2
23/08/2019	Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	37.0
23/08/2019	Lugo - Col.Fingoi	LUGO	Lugo	37.0

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2019 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
23/08/2019	Cervantes - Bazal	CERVANTES	Lugo	31.8
23/08/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	30.6
23/08/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	30.3
23/08/2019	Xurés	MUÍÑOS	Ourense	29.7
23/08/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	29.4
23/08/2019	A Mezquita	A MEZQUITA	Ourense	29.3
23/08/2019	Corzos	A VEIGA	Ourense	29.2
23/08/2019	Becerreá - Penamaior	BECERREÁ	Lugo	29.1
30/08/2019	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	28.7
23/08/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	27.0

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de agosto de 2019 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de agosto de 2019 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destaca o día 13 por acadarse as mínimas máis baixas en moitas das estacións amosadas nas táboas, tanto nas de baixas altitudes como nas altas. Nas situadas por enriba dos 1000 m tamén salienta o día 12.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2019				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
12/08/2019	Xares	A VEIGA	Ourense	2.3
12/08/2019	Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	3.0
12/08/2019	Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	3.4
12/08/2019	Corzos	A VEIGA	Ourense	3.7
13/08/2019	O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	4.8
13/08/2019	O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	4.9
12/08/2019	Serra do Eixe	A VEIGA	Ourense	5.0
12/08/2019	Ancares	CERVANTES	Lugo	5.4
12/08/2019	Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	5.8
19/08/2019	San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	6.7

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2019 altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2019				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
13/08/2019	Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	0.1
13/08/2019	Baltar	BALTAR	Ourense	3.0
13/08/2019	Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	3.2
13/08/2019	Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	3.7
13/08/2019	Lanzós	VILALBA	Lugo	3.9
13/08/2019	Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	4.7
13/08/2019	Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	4.8
13/08/2019	Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	4.8
13/08/2019	Boimorto	BOIMORTO	A Coruña	5.3
13/08/2019	Morelle	SARRIA	Lugo	5.6

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de agosto de 2019 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2018.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019 para esta serie foi 20.1 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2019 para agosto.

A anomalía media da temperatura para este mes de agosto en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.18 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal, contrastando co ano anterior 2018. Esta normalidade observouse tanto na temperatura máxima (anomalía de +0.12 °C) como na temperatura mínima (anomalía de +0.13 °C).




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en agosto, respecto ó período 1981-2010.



6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións acumuladas en Galicia durante este mes non presentan en media unha desviación estatisticamente apreciable con respecto aos valores climáticos, pero si se aprecian diferencias dentro do territorio, cunha tendencia a chuvias por debaixo da media no norte e zonas illadas das provincias de Pontevedra e Ourense. Sen embargo, no resto de Galicia a precipitación foi máis elevada do normal no oeste e o sur da Comunidade.

Para a estimación da chuvia acumulada tense en conta os datos do radar e dos pluviómetros. A chuvia media no mes de agosto obtida a partir dos valores do mapa (figura 8) foi de 43 L/m². Os valores máis altos acadáronse nas comarcas de Noia e o Barbanza, onde os valores máis elevados superaron os 180 L/m². Os valores máis baixos déronse na comarca de Valdeorras e no límite entre as comarcas de Ancares e Fonsagrada, onde a precipitación acumulada estivo por debaixo dos 5 L/m².




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de agosto de 2019.

6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de agosto con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 2.3 % superior ao período de referencia 1981-2010. Aquí pódese apreciar claramente o efecto das fortes choivas nos días máis tormentosos, pero tal e como ocorrera no mapa de anomalías de temperatura, neste caso tamén se compensaron as zonas máis húmidas na serra do Xurés con porcentaxes de precipitación de máis do 250% e zonas que mesmo resultaron moi secas, principalmente no leste e norte da Comunidade onde as porcentaxes de precipitación estiveron por debaixo do 80% da precipitación normal.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de agosto de 2019.

6.2. Días de chuvia en agosto de 2019

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 4.6. Os valores máis altos acadáronse no norte de Lugo, con 9 días de chuvia. No resto da comunidade os valores foron moi baixos, con un mínimo de 3 días de chuvia este mes de agosto en moitas rexións.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de agosto de 2019.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de agosto. As precipitacións acumuladas máis altas chegaron a acadar os 100 L/m² en puntos das provincias de A Coruña e Pontevedra. Así mesmo, os días 7 e 8 foron as xornadas que rexistraron os valores acumulados máis importantes, tamén nas provincias mencionadas con anterioridade.

Precipitacións acumuladas máximas en agosto de 2019			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	178.9
Cespón	BOIRO	A Coruña	131.3
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	121.1
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	120.8
Costa	ROIS	A Coruña	98.9
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	97.4
Castrove	POIO	Pontevedra	95.1
Santiago-EOAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A Coruña	92.5
A Armenteira	MEIS	Pontevedra	92.4
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	88.8

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de agosto de 2019.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m ²)	Instante de inicio (UTC)
Muralla	LOUSAME	A Coruña	97	07/08/2019 19:50
Cespón	BOIRO	A Coruña	82	07/08/2019 09:30
Costa	ROIS	A Coruña	62	07/08/2019 19:50
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	58	07/08/2019 23:50
A Armenteira	MEIS	Pontevedra	56	07/08/2019 22:00
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	55	07/08/2019 23:20
Castrove	POIO	Pontevedra	54	07/08/2019 22:00
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	54	08/08/2019 09:30
Santiago-EOAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A Coruña	53	08/08/2019 10:10
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	52	07/08/2019 19:20

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de agosto de 2019.

6.3. Evolución da precipitación en agosto de 2019

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2019, para esta serie, foi 39 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2019 para agosto.

A anomalía media das precipitacións para este mes de agosto en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi totalmente normal, acadándose unha porcentaxe do 100% nesta variable. Isto contrasta co gran número de casos de porcentaxes por debaixo do normal nos últimos anos.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en agosto, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Como se pode observar na Táboa 9 o día 8 de agosto rexistráronse refachos de vento moi fortes en varias estacións, maioritariamente da costa Oeste de Galicia.

Refachos máximos superiores aos 100 km/h en agosto				
Data	Estación	Concello	Provincia	Refacho (km/h)
08/08/2019	Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	119.9
08/08/2019	A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	113.6
09/08/2019	Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	109.2
08/08/2019	Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	102.8
08/08/2019	Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	100.7

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de agosto.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmás	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	93.2	NE	17	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Lira (10135) # 01/08/2019 a 01/09/2019</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (10135) # 01/08/2019 a 01/09/2019</p>
		Día 8				



PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refach o máxim o (km/h)	Compoñen te dominante	% calma s	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Pta. Candeira	Cedeira	99.0	E	12	<p>Calmas: 12%</p> <p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN Punta Candeira (10092) # 01/08/2019 a 01/09/2019 0001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candeira (10092) # 01/08/2019 a 01/09/2019</p>
		Día 9				
Malpica	Malpica	84.2	E	6	<p>Calmas: 6%</p> <p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN Malpica (10093) # 01/08/2019 a 01/09/2019 0001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (10093) # 01/08/2019 a 01/09/2019</p>
		Día 9				
Marco da Curra	Monfero	78.1	SO	13	<p>Calmas: 13%</p> <p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN Marco da Curra (10046) # 01/08/2019 a 01/09/2019 0001</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Marco da Curra (10046) # 01/08/2019 a 01/09/2019</p>
		Día 8				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de agosto de 2019 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Foz	Foz	82.1	N	29		
		Día 9				
Ancares	Cervantes	83.2	NE	14		
		Día 8				

Táboa 11: Resumo vento no mes de agosto de 2019 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	64.4	O	18		
		Día 8				
Rodicio	Maceda	63.7	NE	16		
		Día 9				



PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Gandar ela	Celanova	64.1	NO	49		
		Día 8				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de agosto de 2019 na provincia de Ourense.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	85.0	NO	21		
		Día 8				
Ons	Bueu	80.6	NO	8		
		Día 8				

Táboa 14: Resumo do vento no mes de agosto de 2019 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de agosto de 2019.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de agosto 1493 raios. Como se pode observar estes raios detectáronse na súa maioría o día 25 do mes, xornada de moitas treboadas (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en agosto de 2019.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na figura 16 máis do 90% se rexistraron nas provincias de Lugo e Ourense, sendo esta última a máis afectada.




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en agosto de 2019.



Na figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en agosto en Galicia dende o ano 2010 ao 2019. Este é o terceiro ano con máis raios rexistrados da última década. Pese a que o valor é moito máis baixo que o dos anos 2016 e 2017, este ano case se cuadriplicou o número de raios rexistrados en agosto do ano pasado.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en agosto dende 2010 a 2019.

MeteoGalicia
Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda
Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 8

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
A Coruña																											
A Gándara	16.7	20.26	28.8	22	14.1	11.5	13	71	24.5	18	-28	87	97	70	45	195	1759	19	113	8	970	12	0				
Aldea Nova	18.1	22.28	30.0	23	14.9	11.5	19	56	15.2	8	-61	86	98	69	47	197	1785	7	70	9	985	10	0				
Arzúa	18.3	24.94	33.0	23	12.4	6.5	13	48	24.4	8	-75	84	100	57	55	235	1950	6	52	8	975	7	0				
Camariñas	18.7	20.78	27.5	22	16.3	12.0	13	35	15.2	8	-79	87	96	75	60	256	2059	17	78	8	1017	5	0				
Cariño	19.5	21.81	27.5	8	17.1	12.9	13	39	14.4	11	-67	84	94	73	43	184	1658	14	73	9	1015	8	0				
Cespón	20.2	25.84	33.0	22	15.2	10.1	12	131	75.5	7	-7	80	97	59	65	280	2077	7	62	8	1012	7	0				
CIS Ferrol	19.9	24.3	31.3	23	16.2	10.9	13	51	20.1	18	-80	77	92	59	56	241	1919	10	66	8	1014	8	0				
Corrubedo	19.3	24.05	31.2	21	15.5	12.7	12	48	22.9	7	-91	78	92	61	65	277	2142	9	74	20	1014	3	0				
Coruña-Bens	21.2	24.54	32.1	23	18.5	14.7	13	28	16.8	18	**	83	93	69	**	**	1874	12	72	8	1004	5	0				
Coruña-Dique	19.2	21.67	28.1	23	16.8	11.9	13	16	11.0	18	**	81	91	68	**	**	**	15	84	8	1016	5	0				
Coruña-Torre de Hércul	20.0	23.4	30.9	23	17.2	13.2	13	28	13.8	18	**	76	87	63	**	**	**	**	**	**	**	**	**	6	0		
**Costa	19.4	25.36	33.3	22	14.6	10.1	12	98	56.8	8	**	86	100	65	**	**	**	4	45	8	997	6	0				
**Coto Muiño	17.3	22.83	31.2	22	12.3	7.1	12	71	29.9	8	**	88	100	68	**	**	**	4	57	8	**	8	0				
Fontecada	17.5	22.71	31.6	22	13.2	8.5	12	87	43.9	8	-28	80	92	60	52	221	1815	10	75	8	975	6	0				
**Guísamo	19.3	24.11	33.2	23	15.1	10.3	13	44	18.2	18	**	75	90	57	**	**	**	3	35	8	997	9	0				
**Lesende	19.1	24.14	32.2	22	14.5	10.1	13	47	23.0	8	-101	75	89	58	58	246	2003	4	51	8	997	7	0				
Lira	18.8	22.68	29.1	22	15.8	13.1	13	44	18.1	7	-87	81	94	66	64	274	2086	17	93	8	**	7	0				
Mabegondo	19.0	25.05	34.0	23	12.8	6.6	13	37	16.5	8	-86	85	99	64	56	242	1988	6	66	8	1007	5	0				
Malpica	18.5	22.22	26.6	23	15.7	13.2	13	31	15.3	18	-79	88	99	71	60	257	1982	18	84	9	999	9	0				
Marco da Curra	16.4	21.37	30.7	23	12.8	9.4	13	34	14.2	18	-74	86	97	64	52	223	1840	13	78	8	944	7	0				
Melide	18.4	25.88	34.7	23	12.1	8.1	12	36	21.3	8	-99	78	97	50	58	250	2037	6	51	9	963	7	0				
Muralla	16.6	20.91	28.7	22	13.3	9.8	13	178	83.5	8	84	87	99	65	54	230	1638	19	96	8	942	9	0				
**O Val	19.5	23.92	32.1	23	15.1	9.1	13	51	16.5	18	**	81	94	65	**	**	**	4	38	8	1010	8	0				
Olas	17.5	23.24	32.0	23	13.2	8.8	12	64	22.7	8	-48	87	100	63	54	232	1939	10	71	8	**	6	0				
**Ordes	18.3	24.65	33.0	23	12.6	6.2	13	55	24.1	8	**	79	93	56	**	**	**	3	36	9	986	5	0				
**Paramos	17.6	22.93	31.6	22	12.9	8.3	13	97	39.2	8	**	91	100	73	**	**	**	6	41	1	976	7	0				
**Pazo de Galegos	19.9	26.29	34.1	22	14.6	9.9	12	27	12.5	8	-104	83	99	60	57	242	1974	3	26	9	991	6	0				
Punta Candieira	18.4	21.02	29.4	23	16.2	13.7	11	39	21.6	18	-69	85	97	71	47	203	1770	24	98	9	988	9	0				
Punta Langosteira	19.0	20.86	27.6	23	16.9	13.4	13	10	7.3	18	**	86	95	75	57	246	1907	14	84	8	1016	5	0				
Río do Sol	16.2	20.69	29.6	22	12.9	10.1	13	57	23.5	8	-43	90	100	71	49	210	1884	17	87	8	956	9	0				
**Rus	18.8	24.09	33.3	23	13.5	6.8	13	21	7.5	18	**	87	99	67	**	**	**	3	38	8	1002	4	0				
Sálvora	18.6	21.14	27.5	21	16.5	14.9	12	37	18.0	8	-96	84	92	71	71	305	2272	15	62	8	**	5	0				
Santiago-EOAS	19.0	24.76	32.7	22	14.4	9.4	12	92	44.0	8	-36	79	94	57	51	216	1924	13	79	8	988	5	0				
Santiago-San Lázaro	18.6	23.89	32.2	22	14.3	9.5	12	70	28.5	8	-61	79	93	58	58	247	1998	9	64	8	982	5	**				
Sergude	19.4	25.7	33.3	22	14.1	9.3	13	53	27.1	8	**	79	97	55	51	218	1795	**	**	**	**	7	0				
Serra da Faladoira	16.2	19.96	30.2	23	13.4	9.8	13	60	20.8	18	-29	91	99	74	41	179	1658	17	76	9	952	12	0				

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 8

Provincia Estación	T ^{ao} C				T ^a Máxima °C				T ^a Mínima °C				Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
Lugo																												
A Pontenova	18.2	23.74	35.2	23	14.6	9.9	13	17	10.5	18	**	85	100	60	44	190	1657	13	95	9	**	**	**	**	9	0		
Abradelo	18.1	25.38	32.9	23	12.7	8.4	13	32	9.1	18	**	73	95	42	61	263	2088	**	**	**	**	**	**	**	**	7	0	
**Alto do Faro	16.4	22.33	29.9	23	11.7	7.8	13	23	7.6	8	**	80	96	52	**	**	**	5	39	8	923	**	**	**	6	0		
**Alto do Poio	15.6	20.47	27.0	23	11.6	5.8	12	40	12.6	18	**	73	94	47	**	**	**	7	52	26	**	**	**	**	7	0		
Ancares	15.8	20.94	26.9	23	11.8	5.4	12	39	12.6	18	-110	72	92	49	68	283	2303	13	83	8	868	**	**	**	8	0		
**Borreiros	19.4	24.07	29.6	23	14.9	8.9	13	22	12.7	18	-73	83	97	64	35	152	1412	4	53	9	1010	**	**	**	8	0		
Bóveda	19.9	28.58	36.1	23	13.1	6.8	13	39	11.6	7	-108	71	94	39	58	249	2056	5	54	9	968	**	**	**	5	0		
Burela	17.5	20.76	27.2	8	15.9	13.3	13	30	13.1	18	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	10	0		
Campus Lugo	19.1	26.78	35.5	23	13.3	7.1	13	19	5.4	7	-109	80	100	47	49	211	1923	5	48	8	971	**	**	**	7	0		
Castro R. de Lea	18.5	25.52	35.3	23	13.1	6.0	13	14	5.2	8	**	81	98	52	53	229	1962	**	**	**	**	**	**	**	7	0		
Conchada	19.4	27.37	34.9	23	13.6	8.1	12	29	9.9	25	**	76	98	47	59	251	2120	**	**	**	**	**	**	**	6	0		
Corno do Boi	16.7	22.49	31.9	23	12.8	9.1	13	46	25.4	8	-69	83	97	57	54	232	1862	11	72	9	**	**	**	**	7	0		
Courel	18.6	26.36	33.9	23	12.4	7.5	13	33	6.5	7	-119	71	96	39	64	273	2153	7	59	8	930	**	**	**	7	0		
Fontaneira	16.0	21.41	29.1	23	12.1	7.6	12	30	6.5	18	-86	82	97	55	56	239	1890	14	75	9	907	**	**	**	10	0		
Foz	19.1	23.12	30.8	17	15.4	9.9	13	34	10.4	18	-76	81	94	65	41	180	1649	10	82	9	1010	**	**	**	11	0		
Fragavella	15.2	19.22	30.6	23	11.7	6.3	12	40	11.5	8	-44	90	99	73	41	177	1537	12	87	9	949	**	**	**	12	0		
Guitiriz-Mirador	16.6	22.29	31.7	23	12.8	9.4	19	42	15.2	8	-69	84	97	59	51	218	1804	9	66	8	940	**	**	**	9	0		
**Labrada	16.1	20.65	31.9	23	12.8	9.4	11	67	20.2	8	-25	88	98	67	37	159	1560	8	66	9	**	**	**	**	13	0		
**Lanzós	17.0	23.59	33.0	23	10.7	3.9	13	40	15.5	7	**	84	96	59	**	**	**	3	43	20	963	**	**	**	5	0		
**Lourenzá	19.8	25.17	37.0	23	15.0	7.9	13	23	9.2	18	**	81	96	60	**	**	**	3	59	9	**	**	**	**	8	0		
Marroxo	19.0	26.1	33.1	23	14.0	9.0	13	33	8.6	18	-106	74	95	43	56	238	1937	7	56	8	945	**	**	**	6	0		
**Millara	21.1	30.43	38.5	23	14.7	8.9	13	20	5.9	8	**	72	96	40	**	**	**	5	60	8	**	**	**	**	6	0		
Monforte	20.7	28.85	36.7	23	13.9	7.1	13	36	10.2	18	-107	72	97	38	53	228	1983	3	43	8	**	**	**	**	6	0		
**Morelle	19.5	27.92	36.3	23	12.7	5.6	13	22	8.8	25	-97	79	100	45	45	194	1751	3	39	9	969	**	**	**	7	0		
O Cebreiro	15.6	22.76	29.4	23	10.2	4.8	13	37	11.3	8	-97	80	98	53	63	268	2103	3	40	11	873	**	**	**	5	0		
O Xipro	17.6	24.84	33.4	23	12.4	7.3	13	29	11.4	11	-101	81	99	48	55	236	2006	9	60	8	928	**	**	**	10	0		
**Olveda	17.7	24.56	34.9	23	12.2	7.4	12	16	4.8	18	-113	79	97	50	56	240	1991	4	35	9	**	**	**	**	7	0		
Pedro Murias	19.8	23.54	31.7	17	16.2	11.5	13	48	20.1	18	-54	86	98	70	42	183	1590	8	75	9	1013	**	**	**	8	0		
Penedo do Galo	16.2	19.32	31.1	23	14.0	11.1	12	46	19.2	18	-39	89	98	74	38	163	1512	20	109	9	**	**	**	**	12	0		
Pol	17.4	23.93	33.3	23	13.1	7.6	13	26	10.7	18	**	82	99	52	52	222	1875	**	**	**	**	**	**	**	8	0		
Portomarín	19.3	27.39	35.4	23	13.3	7.7	13	18	5.0	8	**	78	99	46	54	231	1944	**	**	**	**	**	**	**	7	0		
Riotorto	19.0	24.49	35.3	23	14.9	9.1	13	15	6.2	18	-97	87	99	62	41	175	1740	7	72	9	**	**	**	**	6	0		
Sambreixo	17.5	23.99	33.5	23	11.9	4.8	13	28	14.8	8	**	84	98	57	55	235	1956	**	**	**	**	**	**	**	6	0		
**San Clodio	21.6	29.86	37.3	23	13.9	7.5	13	22	7.6	25	**	69	99	37	**	**	**	3	26	9	987	**	**	**	6	0		
**San Fiz	19.8	26.92	34.7	23	14.4	8.8	13	23	9.1	8	-120	75	95	48	54	232	2092	3	37	9	972	**	**	**	8	0		
Santa Cruz	19.5	24.41	35.9	23	14.3	7.6	16	15	6.1	18	-82	84	99	62	34	150	1491	4	64	9	**	**	**	**	9	0		
Serra Vacaloura	17.1	23.46	31.8	23	12.9	8.1	13	20	4.6	18	-106	83	99	52	61	262	2079	15	77	8	**	**	**	**	8	0		
Ventosa	17.2	24.44	31.7	23	11.8	5.9	13	20	7.6	18	-120	74	94	43	60	259	2071	9	69	9	915	**	**	**	8	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 8

Provincia Estación	T ^o C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada		
**Vilamor	19.4	24.08	35.6	23	15.1	8.1	13	23	8.2	18	-90	76	90	58	39	169	1592	6	68	9	**	6	0		
**Xabrega	20.4	28.68	36.9	23	13.9	7.7	13	24	11.4	18	-122	71	92	40	54	233	2013	4	51	9	980	5	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 8

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada		
Ourense																										
A Mezquita	18.2	24.6	29.3	23	11.8	6.9	13	42	19.4	8	-119	64	87	40	66	282	2252	10	50	25	904	5	0			
**A Portela	22.0	30.58	37.0	23	14.2	8.1	12	22	6.2	7	-140	63	95	32	64	274	2049	5	42	8	**	7	0			
**A Trabe	20.0	26.26	31.9	23	13.6	8.8	12	50	16.1	25	-108	65	87	41	69	295	2191	4	29	11	929	5	0			
Alto do Rodicio	16.9	22.84	30.0	23	11.9	7.3	13	40	13.9	18	-99	79	98	50	66	282	2221	10	63	9	908	5	0			
Amiudal	18.9	25.97	33.8	23	13.6	9.1	13	43	15.4	26	-101	74	93	47	61	262	2095	9	61	8	955	7	0			
As Petarelas	20.4	28.71	34.9	30	13.1	7.6	12	15	5.4	7	**	65	94	35	66	283	2199	**	**	**	**	4	0			
Baltar	17.8	26.27	32.5	23	9.5	3.0	13	23	7.2	7	-127	71	98	36	68	289	2200	8	58	8	927	5	0			
Cabeza de Manzaneda	13.3	16.7	21.9	23	9.9	3.0	12	58	21.0	25	-72	71	95	44	62	265	2112	15	79	8	828	7	0			
**Calvos	16.2	25.39	31.8	23	6.7	0.1	13	30	11.6	8	-124	79	100	45	67	288	2237	6	49	8	**	5	0			
Casaio	15.6	21.25	26.2	30	11.0	3.8	12	23	11.4	25	**	--	--	--	**	**	**	--	--	--	**	6	0			
**Corzos	16.3	23.48	29.2	23	9.7	3.7	12	18	6.9	25	**	69	92	43	**	**	**	7	47	8	**	7	0			
Entrimo	18.9	26.54	32.8	23	13.0	7.8	12	55	26.8	8	**	75	95	49	57	241	2063	**	**	**	**	7	0			
**EVEGA Leiro	21.4	31.23	38.5	23	13.1	6.9	13	21	9.0	7	**	68	93	35	**	**	**	1	35	8	1005	3	0			
Gandarela	19.5	27.55	34.5	23	13.7	8.8	13	25	9.8	18	-122	74	95	45	60	258	2106	6	64	8	946	6	0			
Lardeira	14.6	19.69	24.7	23	10.6	3.4	12	24	11.7	25	-127	69	89	46	67	285	2261	17	99	9	842	6	0			
**Larouco	20.7	28.35	34.6	23	13.9	8.7	12	20	6.8	18	**	60	83	33	**	**	**	4	39	8	958	5	0			
Laza	20.0	28.23	35.1	23	12.7	7.0	13	32	10.4	8	-119	71	98	38	66	282	2141	6	50	8	**	5	0			
Monte Medo	18.7	26.06	33.6	23	11.9	5.8	13	25	9.6	7	**	75	97	44	58	246	2016	**	**	**	**	5	0			
O Invernadeiro	17.0	24.65	30.3	23	9.5	4.9	13	64	22.5	8	-85	71	94	43	69	293	2233	8	56	8	903	5	0			
Ourense	22.0	30.7	38.0	23	14.9	9.3	13	22	7.6	18	**	63	89	32	**	**	**	**	**	**	**	5	0			
Ourense-Estacións	22.4	30.51	37.2	22	15.8	10.5	13	24	8.6	18	-130	64	88	35	62	265	2059	4	40	9	1003	6	0			
**Pazo de Fontefiz	20.2	27.4	34.8	23	14.4	9.0	12	35	13.6	7	-115	70	90	42	60	256	2083	4	40	8	970	6	0			
**Ponte Boga	20.1	27.62	34.7	23	14.0	7.7	13	5	3.0	18	-152	63	82	37	58	248	2070	4	39	9	964	3	0			
**Prado	21.6	30.7	37.4	23	14.2	8.2	13	16	8.1	8	**	69	92	41	**	**	**	2	28	9	1002	3	0			
Remuíño	21.1	30.99	38.3	22	13.6	8.3	13	23	13.8	8	-120	72	95	40	56	238	1958	5	38	9	**	3	0			
**Riós	19.4	25.87	31.9	23	13.4	7.5	12	67	28.7	25	--	67	91	41	69	295	2284	5	31	11	**	5	0			
San Xoán de Río	17.0	23.49	30.6	23	11.9	6.7	19	42	10.7	25	-101	76	96	47	65	277	2175	11	57	8	903	7	0			
Serra do Eixe	16.6	22.26	28.7	30	11.5	5.0	12	23	10.9	7	-122	74	96	48	68	290	2225	12	87	9	882	6	0			
Verín-Vilamaior	20.6	28.67	35.1	23	13.6	8.4	13	33	10.0	7	-129	67	92	38	68	288	2211	6	50	25	955	5	0			
Verín-Vilela	20.0	29.57	36.6	23	10.7	4.7	13	28	10.5	7	-123	72	99	39	67	286	2171	4	45	8	**	5	0			
Viana do Bolo	18.4	26.94	32.3	23	10.6	4.8	13	19	5.9	8	-126	72	97	42	62	267	2099	6	54	9	922	5	0			
Xares	14.0	18.44	23.0	23	10.1	2.3	12	31	9.0	8	-110	71	93	48	67	288	2264	15	74	26	829	6	0			
Xinzo	18.3	26.79	34.3	23	9.9	3.2	13	18	7.4	18	-121	77	100	44	56	240	2093	7	56	8	947	5	0			
Xurés	17.7	23.51	29.7	23	12.8	7.2	20	46	14.6	25	-116	70	94	46	73	309	2387	11	64	8	900	6	0			

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 8

Provincia Estación	T ^a C				T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión	Nº Días		
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	l/m2	Med	Max	Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med. hPa	Choiva	Xeada	
Pontevedra																											
**A Armenteira	18.0	23.51	30.9	22	12.6	8.6	12	92	50.8	8	-34	83	97	64	59	251	2039	5	51	8	**			6	0		
A Granxa	20.3	27.93	35.6	22	13.1	8.3	13	52	26.2	8	-87	78	98	50	65	278	2081	3	43	8	1013			4	0		
A Lanzada	19.4	23.91	32.3	22	15.3	11.5	12	44	21.4	8	-92	82	95	64	69	294	2164	14	75	8	**			4	0		
**Areas	20.4	29.02	36.5	22	14.6	10.5	12	54	30.4	8	**	77	95	48	**	**	**	1	28	8	**			5	0		
**Areiro	19.8	24.92	31.8	22	15.2	11.4	12	32	20.7	8	**	79	93	60	**	**	**	3	29	19	1009			5	0		
**As Eiras	19.8	25.89	33.9	22	13.9	10.0	13	42	20.0	8	-96	80	98	57	65	278	2121	3	43	8	1012			5	0		
Atios	20.0	26.81	34.7	22	13.4	8.1	13	60	32.7	8	-79	80	100	53	65	276	2139	4	50	8	**			5	0		
Baiona	19.2	22.51	26.5	21	15.7	11.4	13	46	26.5	8	-89	84	96	68	69	295	2206	7	69	8	**			5	0		
**Barrantes	19.9	25.01	32.1	22	14.9	10.9	12	63	36.7	8	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	**			6	0		
Cabo Udra	19.1	22.87	28.3	22	16.0	13.4	13	42	22.9	8	-91	83	93	68	64	274	2146	12	102	8	**			6	0		
Caldas de Reis	19.2	25.51	33.7	22	14.5	10.6	13	61	39.8	8	-75	80	96	56	57	245	2055	7	63	8	987			4	0		
**Camanzo	19.9	26.65	34.6	22	14.3	8.2	13	45	16.3	11	-94	76	94	53	56	240	2026	5	53	9	993			6	0		
Cangas-Porto	19.4	22.81	29.6	22	16.6	13.2	13	38	18.9	8	**	79	90	62	**	**	**	8	60	8	**			3	0		
Castro Vicaludo	17.8	21.07	30.0	22	14.8	11.1	12	51	23.7	7	-76	83	96	65	63	270	2127	12	100	8	963			4	0		
Castrove	18.2	23.39	31.9	22	13.9	10.5	12	95	49.6	8	-29	82	97	63	54	229	1929	7	61	20	968			6	0		
**Cequeliños	21.0	28.73	36.8	22	14.9	10.1	12	32	14.6	8	-124	71	94	43	63	269	2124	6	50	8	**			4	0		
Corón	19.6	23.13	30.4	22	16.3	13.0	12	56	35.2	8	-70	88	99	68	71	302	2245	16	77	8	1016			3	0		
**Entenza	20.6	27.97	36.0	22	14.5	9.8	12	31	18.8	8	-109	76	97	50	57	244	2070	1	39	8	**			4	0		
Forcarei	17.3	22.58	30.4	23	12.6	8.7	13	69	39.3	8	-58	85	99	61	62	265	2103	12	81	8	**			6	0		
Fornelos de Montes	18.1	22.41	30.4	22	14.3	9.4	12	120	53.2	8	-17	78	93	58	64	273	2103	12	84	8	937			7	0		
Gargamala	20.2	26.74	34.0	22	14.5	10.4	12	66	24.1	8	-78	77	97	53	66	282	2142	5	43	8	**			5	0		
Illas Cíes	19.0	22.25	28.6	21	16.1	14.0	13	34	17.3	8	-100	82	92	68	65	277	2148	10	86	8	**			4	0		
Lalín	18.2	24.68	33.1	23	12.8	7.0	13	31	14.0	8	**	78	97	51	**	**	**	7	49	8	**			5	0		
**Louredo	19.1	25.17	33.9	22	14.4	10.2	13	50	24.6	8	**	85	99	65	**	**	**	2	28	4	989			3	0		
Lourizán	19.8	25.29	31.5	21	15.3	10.8	12	49	28.5	8	-84	82	97	61	56	216	2033	3	34	8	1011			5	0		
**Meder	21.1	29.27	36.5	22	14.9	10.4	12	34	15.4	8	**	67	87	41	**	**	**	1	34	8	1000			3	0		
Monte Aloia	18.6	24.9	33.9	22	14.3	9.4	13	86	44.8	8	--	83	98	60	--	--	1773	7	60	8	962			5	0		
Mouriscade	17.8	25.32	33.5	23	10.8	3.7	13	26	13.8	8	-108	77	91	56	59	254	2078	4	46	9	960			5	0		
O Viso	19.9	28.2	36.2	22	14.1	10.4	13	59	31.6	8	-80	76	95	50	57	245	1980	7	58	8	986			5	0		
Ons	18.5	22.07	29.2	22	15.5	12.3	13	43	20.6	8	-111	87	98	70	71	304	2265	16	80	8	1003			7	0		
**Pé Redondo	20.1	25.41	32.4	22	15.3	11.4	13	74	48.0	8	-34	82	96	63	54	214	1766	2	51	8	**			7	0		
Pereira	17.2	22.82	30.9	23	12.2	8.2	13	70	36.6	8	**	83	98	61	63	270	2127	**	**	**	937			6	0		
**Ponte Caldelas	18.7	23.99	32.2	22	13.3	8.3	12	60	34.9	8	-79	76	91	56	66	282	2087	10	53	9	976			5	0		
Pontevedra-Campolongo	21.1	27.35	34.0	22	16.0	11.6	12	53	28.7	8	**	75	95	52	**	**	**	3	44	8	**			5	0		
Porto de Vigo	20.3	23.49	30.1	22	17.6	14.7	13	46	26.2	8	-86	81	92	66	70	301	2243	11	68	8	1016			3	0		
Queimadelos	20.0	27.63	35.4	22	15.0	11.1	12	74	34.8	8	--	76	92	52	39	166	1601	--	--	--	975			4	0		
Rebordelo	18.3	24.92	33.0	22	12.0	6.0	12	88	52.6	8	**	84	99	60	62	210	1922	**	**	**	977			6	0		
San Nomedio	18.8	23.7	31.5	22	15.1	10.9	12	50	23.5	8	-88	78	93	54	61	259	2047	13	81	8	**			4	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2019 Mes: 8

Provincia Estación	T ^{ao} C			T ^a Máxima °C			T ^a Mínima °C			Precipitación l/m2			BHC l/m2	Humidade Rel. %			Radiación Solar			Vento km/h			Presión Med. hPa	Nº Días	
	Med	Med	Abs	Día	Med	Abs	Día	Acu	Max	Día	Med	Max		Min	Insolación %	Horas de sol	Irradiación 10kJ/m2	Veloc. media	Racha max	Día	Med.	Choiva		Xeada	
Sanxenxo	19.9	24.68	32.7	22	16.0	12.3	13	43	20.6	8	-98	77	91	58	62	265	2117	4	54	8	1014	4	0		
Serra do Faro	16.5	22.04	29.4	23	12.4	7.7	12	36	23.8	8	-95	77	94	53	61	259	2011	14	76	8	906	5	0		
**Simes	19.8	26.1	33.3	22	14.1	9.2	13	54	30.3	8	**	80	96	59	62	266	2080	**	**	**	**	6	0		
**Soutomaior	19.8	25.36	33.5	22	14.8	10.9	13	45	24.5	8	**	73	88	53	**	**	**	2	28	8	997	6	0		
**Torrequeintás	20.3	25.8	33.8	22	15.2	10.8	12	43	28.4	8	--	73	88	53	--	--	--	4	56	8	1009	6	0		
**Tremoedo	19.6	24.57	32.0	22	14.9	10.9	13	46	30.3	8	**	79	95	59	**	**	**	4	53	8	1010	4	0		
Vigo	20.1	24.67	31.8	22	16.1	12.1	13	47	23.6	8	**	76	91	58	**	**	**	**	**	**	**	4	0		
Vigo-Campus	18.3	21.67	30.2	22	15.2	12.1	12	56	21.4	8	-84	80	95	63	68	291	2218	6	81	8	965	5	0		
Xesteiras	16.8	20.88	29.3	22	13.1	8.9	13	121	58.4	8	**	82	98	60	**	**	**	19	119	8	**	10	0		

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

** Non se mide este parámetro nesta estación.